

[JCCP/MCPP]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia réunese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**, o día **31 de outubro de 2024**, ás **16:00 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Noa Olalla Presas Bergantiños

(Presidenta)

Raquel Arias Rodríguez

(en substitución de Gonzalo Trenor López)

(Vicepresidenta -en funcións-)

Enrique Barreiro Sánchez

(en substitución de Manuel Santos Costa)

(Secretario -en funcións-)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Victor Manuel Baladrón Lamas

(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)

Cristina Campero Dorado

(en substitución de Patricia García González)

Juan Manuel Casares Gándara

Jesús María Fernández Rosende

(en substitución de Julio García Comesaña)

Noelia Pérez López

Carmen María Pomar Tojo

(en substitución de Don José Alberto Pazos Couñago)

Ángel Rodríguez Conde

(en substitución de Cristina Sanz Arias)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Daniel Castro García

(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)

Alexandra Fernández Gómez

(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonso)

Olalla Rodil Fernández

(en substitución de Rosana Pérez Fernández)

Iago Suárez Fernández

(en substitución de Óscar Insua Lema)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Paloma Castro Rey

(en substitución de Patricia Iglesias Rey)

María del Carmen Rodríguez Dacosta

(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecente:

Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia - CRTVG

Letrado:

Juan Carlos Caride Puente

A presidenta reinicia a sesión e rógalle ao señor secretario -en funcións- que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia do director xeral da CRTVG

- 1.1 13638 (12/PL-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida ao director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, lembra o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do director xeral da CRTVG por un tempo aproximado de entre 20-30 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos cada un, e para contestarlles o director xeral contará cun tempo de 10 minutos. Finalmente, os grupos parlamentarios disporán dunha rolda de 5 minutos cada un e o director xeral doutros 5 minutos para contestarlles e rematar á súa comparecencia.

Xa que logo, concédelle a palabra ao director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, quen, previamente, manifesta o seu pesar ás familias das vítimas polos acontecementos da Dana en varias comunidades autónomas, e deseguido, procede a informar aos membros da Comisión sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes á corporación que dirixe.

A seguir, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos, na que fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Rodríguez Dacosta (S), o señor Suárez Fernández (BNG) e a señora Pomar Tojo (P); ambos intervinientes se suman ás verbas de solidariedade manifestadas polo director xeral da CRTVG ao inicio da súa intervención e deseguido expoñen as súas argumentacións e formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

A continuación, intervén novamente o director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, quen contesta ás consideracións suscitadas.

A seguir, ábrese unha segunda rolda de grupos parlamentarios para precisións, por un tempo de 5 minutos, na que novamente interveñen: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Rodríguez Dacosta (S), o señor Suárez Fernández (BNG) e a señora Pomar Tojo (P).

Finalmente, o director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, contesta ás cuestións expostas polas anteriores intervinientes e coa súa intervención se pecha o debate e a comparecencia.

A Presidencia, logo de reiterarlle o seu agradecemento ao señor Sánchez Izquierdo pola súa colaboración coa Comisión, suspende a sesión e lémbrales ás súas señorías que continuarán coas sesións informativas destas comparecencias, o día 4 de novembro de 2024, ás 10.00 horas na que está prevista a comparecencia do presidente da deputación provincial da Coruña.

Suspéndese a sesión ás 17:50 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo I a transcripción literal da sesión.)

V. e nr.
Firmado
digitalmente por
Noa Presas
Bergantiños
Noa Olalla Presas Bergantiños,
Presidenta da Comisión
Fecha:
2024.11.04
13:48:47 +01'00'

Enrique
Barreiro
Sánchez
Firmado
digitalmente por
Enrique Barreiro
Sánchez
Enrique Barreiro Sánchez,
Secretario -er. supl. da Comisión
(DN): cn=Enrique
Barreiro Sánchez,
email=enrique.barr
eiro.sanchez@parla
mentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.04
13:14:35 +01'00'